

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN



4º ESO

CPI AURELIO MARCELINO
REY GARCÍA

AÑO ACADÉMICO 2022/2023

Contenido

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. CONTEXTO.....	4
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
4. OBXECTIVOS.....	18
5. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR.....	21
5.1. Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave por estándar.....	21
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	28
6.1. Adaptacións metodolóxicas para un ensino semipresencial.....	28
6.2. Adaptacións metodolóxicas para un ensino non presencial.....	29
6.3. Materiais e recursos didácticos.....	30
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	31
7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	32
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	33
8.1. Indicadores de logro do proceso de ensino.....	33
8.2. Indicadores de logro da práctica docente.....	33
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	34
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	34
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	35
11.1. Medidas ordinarias.....	35
11.2. Medidas extraordinarias.....	35
11.3. Actividades de reforzo e ampliación.....	35
11.4. Modelo de Plan de Reforzo.....	36
12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	37
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	40
14. APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO.....	40
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	41
16. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	43

1. INTRODUCCIÓN.

Ao longo do último século a tecnoloxía foi adquirindo unha importancia progresiva na vida das persoas e no funcionamento da sociedade. Dentro das diversas tecnoloxías destaca a Informática, como rama que estuda o tratamento da información mediante o uso de máquinas automáticas. A súa importancia actual radica en ser o dinamizador dunha terceira revolución produtiva na que o papel da información sería análogo ao da enerxía na segunda revolución industrial. Os sistemas de comunicación supuxeron o impulso definitivo xerando un novo ámbito tecnolóxico que se caracteriza polo emprego de sistemas de información interactivos. A nosa sociedade viuse condicionada por todos estes desenvolvementos ata o punto de denominarse «sociedade da información». Xa en 1970 se indicaba que os medios de produción se desprazaban dende os sectores industriais aos sectores de servizos, onde destaca a manipulación e procesamento de todo tipo de información. Dende o punto de vista económico as tecnoloxías da información considéranse novos motores de desenvolvemento e progreso. E nas últimas décadas non deixou de incrementarse este proceso.

Non obstante, non podemos perder de vista o marco sociocultural, onde numerosos retos condiciónannos. A presenza das tecnoloxías da información e a comunicación na sociedade é cada vez maior, cada vez son máis numerosos os medios para acceder á información; non obstante, son numerosas as persoas que aínda non incorporaron a súa utilización. Tamén debemos incorporar á nosa reflexión como o enorme fluxo de información fai que os conflitos entre acceso libre e leis de copyright ou dereitos de autor se fagan cada día máis comúns. Finalmente, e en especial dende o mundo da

educación, debemos considerar que a información non é o mesmo que o coñecemento. Este cambio de paradigma foi proposto dende numerosas fontes, xa que o coñecemento é o froito dun proceso de construción activa que require tratar a información con espírito crítico, analizala, seleccionar os seus distintos elementos e incorporar os máis interesantes a unha base de coñecementos.

A simplicidade da informática actual facilita o uso e o aproveitamento das tecnoloxías da información e da comunicación en calquera das formas en que estas se nos presentan.

Neste sentido, preparar ao alumnado para desenvolverse nun marco cambiante vai máis alá da simple alfabetización dixital centrada no manexo de ferramentas. Faise imprescindible propiciar a adquisición dun conxunto imbricado de coñecementos, destrezas e actitudes, que permitan utilizar as novas tecnoloxías para continuar a súa aprendizaxe ao longo da vida, adaptándose ás demandas dun mundo en permanente cambio. Neste contexto, complementando a utilización instrumental das aplicacións informáticas nas diferentes materias curriculares, parece necesario que o alumnado de educación secundaria obrigatoria que o desexe poida cursar, en cuarto curso, unha materia que complete os coñecementos técnicos adquiridos na área de tecnoloxía, na cal cursaría un tronco común de contidos específicos dirixidos a facilitarlle a adquisición das competencias dixitais básicas e a dotalo dunha visión global e práctica do estado actual e da evolución previsible destas tecnoloxías.

As tecnoloxías da información e da comunicación poden influír positivamente no rendemento escolar se se fai un adecuado uso delas, porque fornece ao alumnado unha ferramenta para explorar todas as materias do currículo e consolidar os seus coñecementos, e coa que pode simular fenómenos e situacións novas que axudan a aprender a aprender. O seu valor educativo está asociado non só á posibilidade de almacenar e xestionar a información senón tamén a propiciar a toma de decisións que o seu uso implica, a facilitar a elaboración de proxectos e a mellorar a calidade das aprendizaxes; en resumo a incrementar produción de coñecemento.

2. CONTEXTO.

O centro.

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. Temos 362 alumnos e alumnas (71 en EI, 172 en EP e 120 en ESO). Este é o único centro do concello polo que a maioría do alumnado levan nel desde a etapa de infantil, o

que implica hábitos (de estudo, comportamento, relacións grupais,...) moi interiorizados e difíciles de cambiar.

O CPI Aurelino Marcelino Rey García é un centro pequeno, de liña 2 en tendencia para 1. O cadro docente está integrado por 41 persoas, ás cales hai que sumar un bedel (Paco), unha auxiliar administrativa (Carmen), unha coidadora (Carmen) e un equipo de cadro limpadores/as. O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño.

Parte do alumnado vive na vila e outra boa parte distribuído polo rural, polo que é usuario do transporte escolar. Cuntis ronda os 5000 habitantes e conta con 8 parroquias: Cuntis, San Breixo de Arcos, Portela, Couselo, Piñeiro, Cequeril, Troáns e Estacas. Segundo a zona en que habite o alumnado ten máis relacións cos concellos limítrofes de Caldas de Reis ou A Estrada.

O centro conta con alumnado inmigrante, principalmente de orixe marroquí, a maioría plenamente integrado.

Case todo o alumnado é galego-falante, aínda que nos máis pequenos os índices comezan a variar. Usan as dúas linguas con moitas interferencias, tanto a nivel oral como escrito. En todo caso, son competentes nas dúas linguas.

O centro conta con servizo de comedor, que enlaza co Programa de Conciliación do Concello, "Cuntilín". Moito alumnado queda polas tardes no centro a facer uso deste programa.

O alumnado.

O nº de alumnos/as EN 4º ESO é en total 22 alumnos e alumnas pero o número que cursa a materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación,

neste curso académico, é de 16 alumnos/as o alumnado restante vai a Educación Plástica e Visual.

O profesorado.

A profesora encargada de impartir a materia é Silvia Diéguez Fernández do departamento de Educación Física.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave na materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Esta materia contribúe de maneira plena á adquisición da **competencia dixital**, imprescindible para desenvolverse nun mundo que cambia, e que nos cambia, empuxado polo constante fluxo de información xerado e transmitido mediante unhas tecnoloxías da información cada vez máis potentes e omnipresentes.

Na sociedade da información, as tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen ás persoas a posibilidade de se converter en creadoras e difusoras de coñecemento a través da súa comunicación con outras xentes conectadas por medio de redes de información. A adaptación ao ritmo evolutivo da sociedade do coñecemento require que a educación obrigatoria dote o alumnado dunha competencia en que os coñecementos de índole tecnolóxica se poñan ao servizo dunhas destrezas que lle sirvan para acceder á información utilizando unha multiplicidade de dispositivos e sendo quen de seleccionar os datos relevantes para poñelos en relación cos seus coñecementos previos e xerar bloques de coñecemento máis complexos. Os contidos da materia de

informática contribúen en alto grao á consecución deste compoñente da competencia.

Ademais, a materia contribúe de maneira parcial á adquisición da **competencia conciencia e expresións culturais** porque facilita o acceso ás manifestacións culturais e potencia a expresión do alumnado mediante algúns códigos artísticos. O acceso ás manifestacións de arte dixital e á información sobre obras artísticas non-dixitais, fisicamente inaccesibles, a captación de contidos multimedia e o seu tratamento, así como a creación de novos contidos que integren informacións en diferentes linguaxes, enriquecen a imaxinación, aumentan a creatividade e contribúen á adopción de convencións compositivas e expresivas baseadas no coñecemento artístico.

A contribución á adquisición da **competencia social e cívica** céntrase en que as destrezas de busca, obtención, rexistro, interpretación e análise permiten acceder en tempo real ás fontes de información requiridas para unha correcta interpretación dos fenómenos sociais e históricos que conforman a visión da actualidade. Múltiples perspectivas favorecerán a adquisición dunha conciencia cívica comprometida na mellora da súa propia realidade social. Compartir ideas e opinións a través da participación en redes sociais, brinda unhas posibilidades insospeitadas para intervir na vida cidadá e acceder a servizos relacionados coa administración dixital nas súas diversas facetas.

A contribución á adquisición da **competencia para aprender a aprender** está relacionada co acceso e a interacción en contornos virtuais de aprendizaxe, que facilita a aprendizaxe autónoma unha vez finalizada a escolaridade obrigatoria. Neste empeño contribúe decisivamente a capacidade para obter

información, transformala en coñecemento propio e comunicar o aprendido poñéndoo en común con outras persoas ou grupos.

Esta materia contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** nos aspectos relacionados coa linguaxe escrita e as linguas estranxeiras. Desenvolverse diante de fontes de información e situacións comunicativas diversas consolida as destrezas lectoras e implica a composición de textos con diferentes finalidades comunicativas e o uso funcional das linguas estranxeiras que se empregan na interacción propia das comunidades virtuais.

A informática contribúe de maneira parcial á adquisición da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, achegando a destreza no uso de follas de cálculo para calcular, representar e interpretar datos matemáticos e para resolver problemas. Por outra parte, a utilización de aplicacións interactivas permite formular e comprobar hipóteses acerca dos cambios producidos pola modificación de datos en escenarios diversos. Proporciona destrezas coas que se pode obter información cualitativa e cuantitativa para a resolución de problemas sobre o espazo físico. A interacción con aplicacións de simulación facilita a observación de procesos cuxa reprodución resulta especialmente difícil ou perigosa e proporciona unha mellor comprensión dos fenómenos físicos.

A informática contribúe, por último, ao **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** na medida en que un contorno tecnolóxico cambiante esixe unha constante adaptación. A aparición de novos dispositivos e das aplicacións asociadas, os novos campos de coñecemento, a variabilidade dos contornos

de traballo e dos contextos de comunicación esixen a reformulación de estratexias e a adopción de novos puntos de vista que posibiliten a resolución de situacións polifacéticas progresivamente máis complexas.

Perfil de área

CD	<ul style="list-style-type: none">• 4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en con-tornos virtuais.• 4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.• 4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o in-tercambio de información.• 4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.• 4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.• 4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.• 4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.• 4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.• 4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.• 4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.• 4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.• 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.• 4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.• 4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.• 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a
----	---

quen vai dirixido.

- 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.
- 4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.
- 4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
- 4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.
- 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.
- 4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.
- 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.
- 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.
- 4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.
- 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.
- 4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.
- 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.
- 4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.
- 4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en con-tornos virtuais.
- 4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
- 4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o in-tercambio de información.
- 4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.
- 4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.
- 4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
- 4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do

equipamento informático.

- 4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.
- 4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
- 4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
- 4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
- 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.
- 4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.
- 4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.
- 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
- 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.
- 4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.
- 4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
- 4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.
- 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.
- 4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.
- 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.
- 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.
- 4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.

	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. • 4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. • 4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.
CCL	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. • 4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. • 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. • 4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. • 4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. • 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. • 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. • 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. • 4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. • 4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. • 4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático. • 4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e

os programas vinculados a estes.

- 4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
- 4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
- 4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
- 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.
- 4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.
- 4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.
- 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
- 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.
- 4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.
- 4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
- 4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.
- 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.
- 4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.
- 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.
- 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.
- 4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.
- 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.
- 4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.

	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. <p>4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións</p>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. • 4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. • 4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático. • 4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes. • 4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos. • 4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. • 4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. • 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. • 4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. • 4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. • 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. • 4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. • 4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. • 4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. • 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.

	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. • 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. • 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. • 4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. • 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. • 4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. 4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contextos virtuais. • 4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información. • 4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. • 4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. • 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. • 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. • 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. • 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. 4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.
CSC	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contextos virtuais. • 4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a

	<p>propiedade e o in- intercambio de información.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. • 4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. • 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. • 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. • 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. • 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. • 4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o in- intercambio de información. • 4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. • 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. <p>4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</p>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o in- intercambio de información. • 4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. • 4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.

	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes. • 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. • 4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. • 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. • 4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. • 4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. • 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. • 4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. • 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> • 4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. • 4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. • 4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. • 4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. • 4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. • 4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. • 4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.

- | | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none">• 4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.• 4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. |
|--|---|

4. OBXECTIVOS.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a

violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde

corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

